

NATHANAEL WEST

**A señorita
Corazóns Solitarios**

Traducido por Ignacio Chao



Hugin e Munin

Señorita Corazóns Solitarios, acúdeme, acúdeme

A señorita Corazóns Solitarios do *Post Dispatch* de Nova York («Ten vostede problemas? Precisa un consello? Escriballe á señorita Corazóns Solitarios e ela acudirlle») sentou á súa mesa e ollou unha cartolina branca na que Shrike¹, o redactor xefe, escribira unha pregaria:

Alma da señorita C. S., santifícame.
Corpo da señorita C. S., nútreme.
Sangue da señorita C. S., embriágame.
Bágoas da señorita C. S., lavádeme.
Oh, bondadosa señorita C. S., desculpa
[as miñas súplicas,
agáchame no teu corazón
e dos meus inimigos deféndeme.
Acúdeme, señorita C. S., acúdeme, acúdeme.
*In saecula saeculorum. Amén*².

¹*Shrike*, un apelido real en lingua inglesa, significa picanzo en galego, e aquí atribúeselle ao personaxe en clara referencia ao paxaro que, antes de comelas, ten a particularidade de empalar as súas presas (insectos e pequenos réptiles) en arames ou talos espiñentos. Os antropónimos elixidos por West rara vez son produto do azar.

²Parece inspirada na célebre oración de acción de grazas «Anima Christi», de autoría incerta, malia que se lle adoita atribuír a santo

Aínda que restaba menos dun cuarto de hora para pechar a edición, el seguía a ultimar o seu artigo. Chegara até: «A vida paga a pena porque está ateigada de soños e paz, de tenrura e éxtase, e dunha fe que arde coma unha chama branca e pura nun altar escuro e sombrizo». Porén, non daba continuado. As cartas xa non o divertían. Non lle podía seguir parecendo chistosa a mesma brincadeira trinta veces ao día, un mes e outro mes. E as máis das xeirais recibía por riba das trinta cartas, todas iguais, estampadas coa masa do sufrimento cun molde con forma de corazón.

Encol da mesa amoreábanse as que lle chegaran esa mañá. Outra volta empezou a revisalas, á procura dalgún sinal que lle permitise dar unha resposta franca.

Benquerida señorita Corazóns Solitarios:

Sinto tanta dor que ás veces non sei que facer. Coido que me vou suicidar; moito me amargan os riles. O meu home pensa que ningunha muller pode ser boa católica e non ter nenos, por moita dor que teña. Casei honradamente pola nosa Igrexa, mais endexamais souben o que significaba a vida matrimonial porque nunca me contaron ren acerca dun home e a súa dona. A miña avoa nada me falou ao respecto, e foi a única nai que tiven; ora ben, cometeu un erro grande por non o facer, porque non compensa ser inocente, só provoca un desacougo bárbaro. Parín sete fillos en doce anos, e dende hai dous estou doente. Operáronme dúas veces, e o

Ignacio de Loiola (Azpeitia, 1491-Roma, 1556), sacerdote vasco fundador da Compañía de Xesús, que promoveu este rezo no seu libro *Exercicios espirituais*.

meu home prometeu que non teríamos máis nenos, consonte o consello dos médicos, tras nos advertir de que podía morrer, pero el, cando volvemos do hospital, rompeu a promesa e velaquí estou, esperando outro naipelo, e non creo que o vaia aturar de tanta dor de riles como teño. Síntome enferma e asustada porque abortar non é unha posibilidade, xa que eu son católica e o meu marido, moi relixioso. Choro seguido porque me doe unha barbaridade e non sei que facer.

Atentamente,

Farta de Todo

A señorita Corazóns Solitarios chimpou coa carta nunha gabeta aberta e prendeu un cigarro.

Benquerida señorita Corazóns Solitarios:

Teño dezaseis anos e non sei que facer. Agradeceríalle que me dixese algo. De cativa non tiña queixa, porque estaba afeita a que os rapaces do barrio se moqueasen de min, pero arestora querría mocear coma as demais rapazas e saír os sábados á noite, pero ningún mozo quere saír comigo, habida conta de que nacín sen nariz; e iso que bailo ben, son feitiña e o meu pai incluso me compra roupa bonita.

Sento a observarme o día enteiro, e choro. Teño un gran burato no medio e medio da cara que escorrenta a xente, mesmo a min. Non podoo culpar os mozos por non me convidaren a saír.

